

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
15 DE DECEMBRO DE 2005**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

**Concelleiros**

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

**Interventora**

Dona Marta Roca Naveira

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día quince de decembro de dous mil cinco, logo da convocatoria para o efecto, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva M<sup>a</sup> Vilariño, dona María Rosario Manso López; don Luis Purriños Pena; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten á sesión os concelleiros don Juan José Herva Mallo e don José María Laya Carril.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 28 de decembro de 2005, queda aprobada por unanimidade.

**2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-** Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, que comprenden os números 745/05 á 979/05 ambas as dúas incluídas, que estiveron a disposición dos señores concelleiros dende a convocatoria da sesión.

**3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.-** Examinado o estudo de detalle presentado por don José Romero Gómez, en nome e representación de MONTABRE GALICIA S.L., para a ordenación pormenorizada dun predio en praia de Lago-Perbes (Ordenanza Z1A do PXOM) redactado polo arquitecto don Luis Francisco Díaz Fuentes e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia coa data do 21-7-2005.

Considerando que foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 16 de setembro de 2005 e sometido a información pública polo prazo legal, con publicación de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, xornais La Voz de Galicia do 28 de outubro de 2005 e La Opinión do día 27 de outubro de 2005, Diario Oficial de Galicia núm. 214 do 8 de novembro de 2005, sen que durante o prazo de exposición ao público se presentara reclamación de clase ningunha.

Coa abstención dos concelleiros do PSG-PSOE Sr. Cortizas e do BNG Sr. Abreira Sobrado e o voto favorable dos nove membros restantes da Corporación que asisten á sesión, o Pleno do Concello acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a ordenación pormenorizada dun predio na praia de Lago-Perbes (Ordenanza Z1A do PXOM) redactado polo arquitecto Sr. Díaz Fuentes e visado polo COAG.

2º.- Que se lle notifique este acordo ao promotor MONTABRE GALICIA S.L. e se publique no taboleiro de edictos e no Diario Oficial de Galicia.

**4.- CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO. MOCIÓNS.-** O concelleiro do PSG-PSOE, Sr. Cortizas Rodríguez, dá lectura á seguinte moción:

“Pola seguinte exposición de motivos, sendo conscientes que na actualidade unha boa parte do medio rural do Concello de Miño, tal coma son as parroquias de Bemantes, Callobre, Leiro, Viadeiro, Carantoña, San Xoán de Vilanova, e algunhas outras zonas do Concello, carecen en boa medida de redes de saneamento, o que está a provocar que moitos dos veciños que fan os baleirados das fosas sépticas de maneira tradicional, para logo utilízalo nalgúns casos coma abono nas súas fincas por non ter onde vertelos, se poidan encontrar cun problema de salubridade pública. Tendo en conta que cada vez se fan máis inspeccións por parte da Consellería de Medio Ambiente, o que pon nunha situación difícil tanto os veciños que utilizan o sistema de fosas sépticas, coma os profesionais que fan o servizo de baleirado, podendo estes ser sancionados de maneira considerable. Por todo isto propono ao Pleno do Concello o seguinte Acordo que noutros Concellos da Comarca coma é o caso de Betanzos, está a funcionar satisfactoriamente, por tanto que os técnicos municipais de Medio Ambiente xunto coa empresa responsable do saneamento no Concello de Miño (Espina Delfín) acorden as medidas necesarias para que os profesionais das cisternas que fan o traballo de baleirado poidan verter de maneira controlada os residuos nas redes de saneamento ou ben directamente na depuradora. Elaborando tamén o Concello a publicidade necesaria para a boa información do servizo aos veciños, a través de bandos informativos e medios de comunicación.”

Logo da declaración de urxencia por unanimidade, ao non estar incluída na orde do día, a Presidencia somete a votación a moción presentada, que **foi aprobada por unanimidade** dos asistentes á sesión nos seus propios termos.

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.-** O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez expresa o seguinte rogo:

“Con respecto aos pagos feitos polo Concello en relación cos gastos de telefonía móbil dos membros da Corporación que ao noso entender se poden considerar de desproporcionados e inxustificables en relación coa xestión que se está levando a cabo polos membros que fan uso do servizo. Rógolle que se fago un uso da telefonía máis serio, controlado e axeitado a temas municipais e non de uso particular.”

A Presidencia responde que el no mesmo teléfono móbil ten os dous números, o do Concello e o particular. A tenente de alcalde Sra. Vilariño González indica que na factura dos teléfonos están os da Policía Local e de obras que fan moitas chamadas.

O Sr. Cortizas Rodríguez presenta outro rogo: “que os responsables municipais de medio ambiente xunto cos responsables da empresa Fadesa tomen medidas urxentes e axeitadas para que as augas pluviais procedentes dos desmontes do residencial campo de golf non arrastren os lodos ata o xuncal da praia e poder evitar así a morte de toda clase de moluscos.”

A Presidencia responde que hai un estudo de impacto ambiental debidamente aprobado no que figuran unhas balsas de decantación para a auga da chuvia, pero houbo uns días que caeu tal cantidade que excede a capacidade destas; cúmprese coa normativa pero cando hai causas maiores, as balsas forzosamente se desbordan polo exceso de chuvia sobre as cantidades previstas.

O mesmo concelleiro roga “fágase canto antes unha revisión e repárese o alumbeado público nas zonas do paseo marítimo da ribeira, praia grande de Miño e zona do Covo”.

O Sr. Cortizas Rodríguez expresa a seguinte pregunta rogo: “Sr. Veiga Sabín como concelleiro responsable de asuntos sociais pódenos vostede dar unha explicación sobre o acto que tivo lugar o 25 de novembro sobre a violencia de xénero no Local Social de Bemantes, por que non se fixo no Local Social da Rúa que é o local máis axeitado e por que non se convidou a tódolos grupos políticos, ademais de representantes das distintas asociacións.”

O Sr. veiga Sabín contesta que todos os anos se celebran estes actos no Local Social da Rúa, pero a Asociación de Mulleres pediu que se descentralizasen, e este foi o motivo, non obstante que fale con Servizos Sociais para que en adiante se celebren no local de Miño.

Sigue o Sr. Cortizas e fai a seguinte pregunta: “Señor presidente con respecto ao acordo que chegaron na Xunta de Goberno Local o día 4 de novembro de 2005 sobre a reforma interior da APOD-4 do PXOM na que despois de pronunciarse cos debidos informes tanto o secretario xeral como o asesor xurídico do Concello acordasen vostedes co responsable de executar o polígono un proindiviso de 180.000 euros cando por norma xeral soe ser o aproveitamento urbanístico. Podíanos dicir a que teñen pensado dedicar estes cartos cando o normal, repito, sería en bolsa de solo.”

A Presidencia contesta que non está o asesor xurídico, pero había dúas discrepancias, unha sobre a zona verde e o asesor di que a zona verde era a máxima que se podía achegar e a outra era cómo facer efectivo o diñeiro das cesións, para o que había dúas opcións, unha que se nos deixara un predio proindiviso e outra que fixera a achega en metálico, a cal consideramos máis beneficiosa.

O Sr. Cortizas Rodríguez pregunta: “Señor presidente por que se está a gastar cantidades tan elevadas na defensa xurídica do Concello e poño de exemplo algún dos pagamentos feito ao gabinete de avogados APLICA que ascenden a 11950 euros sabendo que ata agora o Concello foi defendido xudicialmente na maioría dos casos pola asistencia xurídica a municipios saíndo sempre favorablemente e por tanto aforrándolle ás arcas municipais unha importante suma de cartos que se podían investir noutras necesidades.”

O Sr. alcalde contesta que APLICA é unha consultoría de xestión, fíxonos a petición da escola obradoiro e está traballando na Axenda Local 21, encárgase destas cuestións, non de asesoramento xurídico.

O mesmo concelleiro presenta a seguinte pregunta e rogo: “Sr. presidente da Corporación esta pregunta e rogo fan referencia ao complemento de produtividade que forma parte da estrutura retributiva do persoal funcionario. Na resolución que vostede firmou o 26 de outubro de 2005 aparece unha lista de funcionarios aos cales se lles asigna unha cantidade de diñeiro por concepto de complemento de produtividade, nas cales se pode apreciar ao noso entender un alto grao de discriminación cara a algún dos funcionarios, polo que expoño os seguintes motivos, un funcionario da administración xeral de nivel 24 inferior ao secretario xeral que é de nivel 28 asígnaselle unha cantidade superior a este, a señora interventora co mesmo nivel 28 que o secretario xeral asígnaselle unha cantidade superior de 225 euros máis, incumprindo así o acordo plenario do 15 de outubro de 2003 no que a proposta da Comisión Informativa de Facenda o Pleno do Concello acorda por unanimidade que as retribucións da interventora sexan igual ás que percibe o secretario xeral, excepto no que se refire á antigüidade.

Tamén se discrimina a unha funcionaria de nivel 16 negándolle o complemento de produtividade sen ningún tipo de xustificación, xa que esta persoa cumpre relixiosamente co seu volume de traballo ¿Pode vostede darnos unha explicación axeitada desta situación?

Faga a distribución do complemento de produtividade cumprindo os acordos plenarios e retribuí a funcionaria antes mencionada co complemento de produtividade que merece xa que ao noso entender non hai motivos para deixala excluída deste dereito e por tanto discriminala.”

O Sr. alcalde-presidente manifesta que o concepto da produtividade decidino eu porque é discrecional e estimei que algúns traballos que debería facer o secretario fíxoos a interventora, xustificouse o porqué e tiveron como válidos os informes dos xefes de área.

O Sr. Abraira Sobrado, concelleiro do BNG, replica que as condicións de persoal deben ter en conta que neste Concello hai un representante sindical dos funcionarios co que se debe contar para estas cuestións e se ben é verdade que pode haber actos discrecionais nunca poden ser arbitrarias.

replica a Presidencia que sobre a negociación dos funcionarios, algunha vez este representante se reuniu coa Alcaldía, no relativo á sinatura dun convenio, os funcionarios réxense pola Lei da función pública e en canto á discrecionalidade, un criterio é o ser posible sen ser inxusto e pagarlle máis ao que máis traballa. O Sr. Abraira Sobrado contesta que nas sociedades modernas os complementos dos traballadores sinálense logo da correspondente negociación colectiva, na que interveñen os representantes sindicais. A Presidencia sinala que hai unha Lei da función pública e os funcionarios non poden asinar convenios que contradigan nin ningunha outra disposición legal, o que si poderíamos é chegar a asinar un convenio cos laborais.

O Sr. Abraira Sobrado expresa o seguinte rogo: “cumpra o acordado cos afectados do proxecto da Barrosa e da Carreira e pónalles de manifesto este proxecto, para que poidan manifestar as súas opinións sobre estas obras.

A Presidencia contesta que os técnicos aínda están a traballar coas modificacións dos aparcadoiros, coa posibilidade de construír túneles co mobiliario urbano a instalar e cando teñamos o proxecto, poráselles de manifesto, aínda que vostede xa se encargou de comentalo con algúns afectados sen saber cómo será definitivamente.

O mesmo concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG indica que se reuniu coa delegada provincial de Sanidade, para expoñerlle os problemas do Centro de Saúde de Miño e as solucións que poderían arbitrarse e roga que sexa máis comprensivo coa poboación e antepoña os intereses dos enfermos por enriba duns intereses particulares ou de partido.

Contesta a Presidencia que Vde. non ten moita experiencia nestes temas, a delegada provincial de Sanidade nin entende nin é da súa competencia, xa presenteí, di, unha queixa ao Sergas polo conduto regulamentario que é o organismo competente, ocorreu que co fin de aliviar as consultas, abríronse cincuenta centros que deberían ter consultas polas tardes, isto produciu un desequilibrio, xa que se fixo co persoal que estaba para substitucións e nunha soa ocasión neste centro de saúde ocorreu que estando a substituta no centro, chamárona con urxencia para outra consulta e os demais médicos como noutras ocasións atenderon os enfermos, o que hai que facer ao seu propio goberno é axudalos e lémbrelles que xa lle pedín as consultas de tarde.

replica o Sr. Abraira que vai axudar ao equipo de goberno o necesario e o que creo que é bo para Miño e di vou pedirlle un rogo que cese ao Sr. Sabín que é o segundo no Concello, xa que el non vai dimitir e que non digan mentiras na prensa, que a Consellería de Medio Rural non tiña en Miño ningunha obra, son mentireiros e pídolle o cese.

A Presidencia contesta que ten un sentido de humor marabilloso, sabe de sobra que o que di é unha maneira de divertirnos e isto é moito máis serio, respecto

das obras prometidas e asinadas, un protocolo coa Consellería de Medio Ambiente que foi asinado en abril, cando lle reclamei unha visita para explicarlle as cuestións que afectan a este municipio, estaba reunido coa maioría dos municipios, pero non con este alcalde. Continúa, como xa sei que Vde. ten dous gobernos, e teño entendido que as consellarías do bloque nin se reúnen, hei de manifestarlle que o propio presidente de Portos era contrario en principio ao porto que proxectamos e cando pormenorizadamente lle explicamos as razóns e o porqué do porto que pretendíamos, xa nos indicou que o estudaría e todo isto si que son temas importantes. Contesta o Sr. Abreira dicindo que eu tomo as cousas con humor e non estou disposto a tolerar o que están facendo xa que esta forma de actuar non beneficia para nada ao municipio de Miño, correspóndelles a Vdes. representar o Concello de Miño e deben facelo coa maior dignidade.

A Presidencia contéstalle que lle pedirei a Vde. axuda para solucionar os problemas que benefician ao Concello, ao que o Sr. Abreira contesta que non me pida axuda porque xa o fixo e fíxome quedar mal. O Sr. Alcalde replica hai temas de grande importancia para o municipio, nos que todos debemos axudar polo ben do Concello.

Pide a palabra o sr. Veiga Sabín e sinala, só lle pido que sexa honesto, non sei cando tomei o Parlamento e Vde. di, non é o máis indicado para criticarnos xa que nin respectan o mobiliario municipal e enchen as marquesiñas de propaganda do seu partido, o Sr. Abreira contesta que tanto as marquesiñas como as paredes do cemiterio están cheas de carteis do Playa.

O Sr. Abreira Sobrado pregunta ¿Cando se pensa recibir as obras do POS e como está o expediente da APOD -4?

A Presidencia sinala que se lle contestará por escrito

Así mesmo pregunta ¿Cando pensan traer os orzamentos do próximo ano?

O Sr. alcalde indica que se lle contestará por escrito.

Non habendo outros asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte e unha horas, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,